



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

De:

Noelia Freijeiro Novo
Concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes
Concello de Malpica de Bergantiños

A:

Aos centros de ensino e as entidades sociais e culturais do Concello de Malpica de Bergantiños.

Estimadas/os amigas/os:

No ánimo de aclarar os aspectos non regulados polo Regulamento de Réxime Interno do Centro Cívico (de aplicación, en tanto non existan regulamentos específicos, a todos os centros socioculturais do Concello de Malpica), infórmase a todos os usuarios do procedemento para solicitude e resolución da concesión de espazos dos centros socioculturais para a **realización de actividades anuais das asociacións e dos centros de ensino no curso 2024-2025**:

1.- A solicitude de espazos no Centro Cívico e no resto dos centros socioculturais do Concello realizarase no rexistro xeral do Concello de Malpica, **a través do rexistro electrónico**, facendo indicación expresa da actividade para a que se solicita cada espazo e os días e horarios nos que se solicita.

2.- **O prazo de solicitude estará aberto ata o xoves, 12 de setembro de 2024.**

3.- O Alcalde, a proposta da Concellería de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes resolverá as solicitudes no prazo máximo de 5 días a partir da data de remate do prazo de solicitude.

4.- O Alcalde, a proposta da Concellería de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes, poderá resolver a concesión de espazos dos centros socioculturais diferentes dos sinalados como preferentes por cada entidade, sempre que cumpran coas características necesarias para a realización da actividade para a que se solicitan.

5.- En caso de coincidir 2 ou mais solicitudes para os mesmos espazos, en horarios coincidentes, a Concellería de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes convocará aos interesados co obxecto de estudar coas partes as posibles solucións. En caso de non acadarse un acordo, a Alcaldía, a proposta da Concellería de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes, resolverá como

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
T. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

estime máis convinte para garantir o dereito das entidades solicitantes ao uso dos espazos dos centros socioculturais e **promover un clima de convivencia, tolerancia, cooperación e boa veciñanza** entre as diferentes entidades que usan estes espazos.

6.- A resolución de concesión de espazos para uso anual e uso dos centros de ensino deberá respectar a programación xeral de actividades do Concello de Malpica de Bergantiños e as programacións dos Departamentos de Educación e Cultura e Servizos Sociais (Escolas culturais, Mostra de Teatro, Malpica Nadal, Entroido, Malpica nun mar de Letras, Malpica Verán, Aula de Lecer, actividades de maiores, etc.).

7.- **As programacións de actividades do Concello de Malpica poderán implicar a anulación temporal das autorizacións de uso de espazos dos centros socioculturais a terceiros.** De ser posible, o Concello de Malpica ofertará espazos alternativos aos previamente autorizados.

Noutro orde, e no ánimo de dar resposta ao conxunto de necesidades e demandas **das entidades que teñan previsto realizar galas ou festivais de fin de curso**, no Auditorio do Centro Cívico de Malpica, nos meses de maio, xuño e xullo de 2025, **convócase**, a todas as entidades que teñan previsto realizar este tipo de actividades, a unha xuntanza, **o sábado día 7 de setembro ás 11.00 horas**, no Centro Cívico de Malpica (Departamento de Educación e Cultura) co obxecto de consensuar as datas de realización das mesmas. Tal como se acordou na última xuntanza de entidades que realizaron galas de fin de curso no 2024, a xuntanza para fixar os días e horarios dos ensaios realizarase na 2º quincena de marzo.

No mesmo senso, convócase aos **centros de ensino** do Concello de Malpica de Bergantiños que teñan previsto a utilización do Auditorio do Centro Cívico para os seus festivais de Nadal, Entroido e/ou fin de curso a unha xuntanza, **o venres 13 de setembro, ás 13.00 horas**, no Centro Cívico de Malpica (Departamento de Educación e Cultura) co obxecto de consensuar datas e horarios para a realización destas actividades.

Malpica de Bergantiños a 3 de setembro de 2024.

Noelia Freijeiro Novo
Concelleira de Educación, Cultura, Patrimonio e Turismo

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).